

**MEMORIA XUSTIFICATIVA****CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE A CORUÑA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 112/2020, do 6 de setembro, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece estrutura orgánica da vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (*DOG* n° 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (*DOG* n° 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

**Antecedentes:**

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña conta con medios humanos das agrupacións e asociacións que a compoñen, coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, amosada ao longo destes anos nas actuacións realizadas en colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia.

**Finalidade:**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.





O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a citada entidade, co fin de cooperar no financiamento das actuacións efectuadas por esta no apoio á prevención, promoción, divulgación, información, formación e socorro en materia de protección civil, no ámbito territorial da provincia de A Coruña, contribuíndo deste xeito á concienciación da poboación en xeral e, de maneira específica, ao persoal voluntario de protección civil da citada provincia.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundáméntase na necesidade de colaborar coa esta asociación nas actividades de formación e divulgación, en materia de protección civil, programadas para todos os seus asociados a través de cursos, xornadas, reunións e publicacións, páxina *web* e, de xeito singular, en actividades de autoprotección e de formación do persoal voluntario de protección civil.

Asemade, favorecer a súa participación, xunto coa administración autonómica, na organización e realización de operativos, exercicios e simulacros, no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, colaborando activamente cas campañas planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, cos parques de bombeiros locais ou comarcais e cos grupos de emerxencias supramunicipais (GES).

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva na provincia de A Coruña por esta asociación provincial, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.481.1 e e código de proxecto 2013 00763 dos orzamentos do ano 2022., por un importe de cinco mil cincocentos euros (5500 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo específica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela

Santiago Villanueva Álvarez ( asinado dixitalmente á marxe)

